

- Incrementar de 24,16 € a 49.90 € /mes a cuota de alumnos polo curso 2012-2013.
- Bonificar o 40% aos alumnos empadroados en Pontearreas, da cuota mensual. —
- Alumnos do último curso de cada grao (elemental e medio), que teñan que matricularse dunha soa asignatura, o importe da matrícula se reduce nun 50%.

#### **ESCOLA DE MÚSICA**

- ALUMNOS 4.5 ANOS:  
Matricula: incrementar de 35,00 € a 40,00 €/ano Curso: 2012-2013  
Cuota : incrementar de 22 a 24,90 €/mes. Curso 2012-2013
- ALUMNOS 6-7 ANOS:  
Matricula: incrementar de 35,00 € a 50,00 €/ano para o curso 2012-2013.  
Cuota: incrementar de 22 € a 29,90 €/mes para o curso 2012-2013
- ALUMNOS DE 8 A 18 ANOS:  
Matricula: incrementar de 40 a 60,00 €/ano  
Cuota: incrementar de 24,00 a 29,90 €/mes
- ALUMNOS ADULTOS:  
Matricula: incrementar de 40 € a 60 €/ano  
Cuota: incrementar de 40 e a 49,90 €/mes.
- Suprimir todas e cada unha das bonificacións existentes na anterior ordenanza. —
- A forma de pago tanto da matrícula do conservatorio como da escola de música será: o 50% da matrícula no mes de xullo e o 50% restante no mes de setembro.

Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pontearreas, a 17 de setembro de 2012. — O Alcalde, Salvador González Solla.

**2012008925**

\* \* \*

### **SILLEDA**

#### **A N U N C I O**

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 153 de data 09 de agosto de 2012 do anuncio relativo a aprobación inicial da “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo do Programa Lúdico Educativo de Apertura de Centros de Ensino fóra do Horario Lectivo”, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tener literal seguinte:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO**

##### *ARTIGO 1º. — FUNDAMENTO E REXLME*

No uso da facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7 / 85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 17, e 20 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobada por RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Silleda establece as taxas pola prestación do servizo da ludoteca municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.